Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MARTES, 31 DE DECEMBRO DE 2024 MARTES, 31 DE DICIEMBRE DE 2024 | BOP NÚMERO 251

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Área Económica

Aprobación definitiva da modificación das Ordenanzas fiscais números 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31 do Concello de Oleiros

ANUNCIO

O Pleno do Concello, en sesión extraordinaria celebrada o día 24 de outubro do 2024 aprobou inicialmente a modificación das ordenanzas fiscais números 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31.

O anuncio de exposición publicouse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 210 de data 30 de outubro do 2024, no diario "El Ideal Gallego" de data 29 de outubro do 2024 e no taboleiro de anuncios do Concello de Oleiros, presentándose reclamacións durante o período de exposición pública.

Polo Concello Pleno en sesión ordinaria de data 26 de decembro do 2024 adoptáronse os seguintes acordos:

- Desestimación das alegacións presentadas contra acordo plenario de data 24 de outubro do 2024, de aprobación inicial de modificación das Ordenanzas fiscais números 1, 2, 3, 6, 10, 11, 12, 15, 27 e 31.
- Aprobación definitiva dos textos dos artigos das Ordenanzas fiscais seguintes:

· **Artigo 7º da Ordenanza fiscal nº 1**, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos:

"Artigo 7º: TARIFA

Epígrafe primeiro.- *DERROGADO.*

Epígrafe segundo:

- Informes emitidos pola Policía Local relativos a accidentes de tráfico: 140,49 €
- Outros informes emitidos pola Policía Local: 40,97 €
- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil relativos a accidentes de tráfico: 100,69 €
- Informes emitidos polo Servizo de Emerxencias e Protección Civil diferentes aos relativos a accidentes de tráfico: 52,68 €

Epígrafe terceiro: *DERROGADO.*

Epígrafe cuarto: Documentos relativos aos Servicios de Urbanismo:

1.- Por cada expediente de declaración de ruína de edificios: 48,85 €

2.- DERROGADO

3.- Informe urbanístico: 47,20 €

Epígrafe quinto: Procedementos de contratación e concesións demaniais:

1.- En cada proposición para tomar parte en poxas, concursos ou procedementos negociados:

- Ata 6.010,12 €, tipo base de licitación: 9,78 €
- De 6.010,13 € a 60.101,21 €: 48,85 €
- De 60.101,22 € en adiante: 97,77 €

2. Pola formalización de contratos e concesións demaniais en documento administrativo: 9,81€

Epígrafe sexto: Derrogado.

Epígrafe sétimo: Dereitos de exame.

1.- Subgrupos A1 e A2 e grupo B ou similares en contratos laborais: 24,46 €

2.- Subgrupo C1 ou similar en contratos laborais: 19,55 €

3.- Demais postos: 14,66 €

Número de anuncio 2024/9368

Epígrafe oitavo: Fotocopias de expedientes completos ou de documentos illados que formen parte de aqueles, sempre que o número de fotocopias solicitadas exceda de 20 en tamaño DIN-A4 e de 6, en tamaño DIN-A3:

- Fotocopias en tamaño DIN-A4 e DIN-A3: 0´08 €/copia (todas as copias)

Epígrafe noveno: Reproduccións de planos en tamaño DIN-A1: 2,76 €/copia

Epígrafe decimo: DERROGADO

Epigrafe undécimo: Reposición de placa de vado: 11,66 €

Epígrafe duodécimo: Expedición de certificacións catastrais polo Punto de Información Catastral, relativas a fincas non pertencentes ao Concello de Oleiros:

- Certificación literal: 8,07 €
- Certificación descritiva e gráfica: 8,69 €

Epígrafe décimo terceiro: Compulsa de documentos a presentar a través do Portelo único da Xunta de Galicia.

- Por cada compulsa, a partires da terceira e ata a duodécima compulsa: 1,87 €/compulsa.
- Pola décimo terceira compulsa e seguintes: 0,61 €/compulsa."

· **Artigo 5º da Ordenanza fiscal nº 2**, reguladora da Taxa por licencias de autoturismos e demais vehículos de aluguer:

"Artigo 5º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza do

servizo ou da actividade, de acordo coa seguinte tarifa:

Epígrafe primeira: Concesión e expedición de licenzas

- Licenzas da Clase B: 180,94 €

Epígrafe segunda: Autorización para transmisión de licenzas

a) Transmisión "ínter vivos":

- De licenzas da Clase B: 904,74 €

b) Transmisión "mortis causa":

- A primeira transmisión da licenza en favor dos herdeiros forzosos: 90,48 €

Epígrafe terceira: Substitución de vehículos

- De licenzas Clase B: 18,09 €

Epígrafe cuarta: Revisión de vehículos

- Revisión anual ordinaria: 45,23 €
- Revisión anual extraordinaria: 45,23 €

Epígrafe quinta: Permiso para condución por asalariado e expedición de carné.

- Polo trámite e concesión do permiso: 13,58 €
- Pola expedición do carné a un condutor asalariado: 27,15 €."

· **Artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 3**, reguladora da Taxa por licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas:

"Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

1.- De conformidade coas limitacións sinaladas polo artigo 24 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo), establécense as tarifas da taxa seguintes:

a) Demolición de construcións e movementos de terras: 89,04 €

b) Parcelacións e segregacións; por cada unidade parcelada: 65,93 €

c) Cimbra de árbores: 85,72 €

d) Obras menores non necesitadas de proxecto técnico e que en ningún caso teñan un orzamento de execución material superior a 30.000 €:

d.1. con orzamento de ex. material de ata 3005´06 €: 44,50 €

d.2.- con orzamento de ex. material comprendido entre 3005´07 e 6010´12 €: 89,04 €

Número de anuncio 2024/9368

d.3- con orzamento de ex. material comprendido entre 6010´13 e 12.020´24 €: 133,55 €

d.4.-con orzamento de ex. material comprendido entre 12.020´25 e 30.000 €: 222,58 €

e) Obras de construcción, rehabilitación, ampliación, modificación ou reforma de edificios e instalacións que estean cualificadas de obras maiores, ou en todo caso cando o seu orzamento de execución supere os 30.000 €:

e.1.-por cada edificación unifamiliar: 267,10 €

e.2.-por cada edificación plurifamiliar: 1´34 €/m², obxecto da taxa

e.3.-por cada nave ou instalación industrial ou comercial ou outra edificación diferente ás contidas nos subapartados anteriores (e.1.e e.2.): 0´66 €/m², obxecto da taxa.

f) Declaración responsable para a ocupación de edificacións e instalacións, por cada vivenda ou local:

f.1.-de edificacións unifamiliares e plurifamiliares:

f.1.1.-de superficie de ata 100 m²: 106,85 €

f.1.2.-de sup. comprendida entre 101 e 150 m²: 133,55 €

f.1.3.-de sup. comprendida entre 151 e 250 m²: 178,07 €

f.1.4.-de superficie igual ou superior a 251 m²: 267,10 €

f.2.- de naves e instalacións industriais e comerciais ou doutras edificacións ou instalacións diferentes ás contempladas no apartado anterior (f.1.):

f.2.1. Os 200 primeiros m²: 267,10 €

Por cada m² adicional: 0´46 €/m².”

· **Artigo 6º da Ordenanza Fiscal nº 6**, reguladora da Taxa de cemiterio municipal, queda redactado do xeito seguinte:

“Artigo 6º: COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria determinarase pola aplicación da seguinte tarifa:

1.-A base impoñible determinarase atendendo á diferente natureza dos servizos, de acordo coa cantidade sinalada nas tarifas desta ordenanza respecto dos conceptos que a continuación se detallan:

1.1. A utilización de todas as clases de sepulturas existentes no dito cemiterio, para a inhumación e exhumación.

1.2. DERROGADO

1.3. DERROGADO

1.4. Licenzas para a instalación e a reparación nas distintas sepulturas.

1.5. Conservación das sepulturas existentes no devandito cemiterio.

2.-TARIFA XERAL - O dereito que se adquire mediante o pagamento da tarifa correspondente, non é estritamente o da propiedade física do terreo, senón o da conservación a perpetuidade dos restos nestes (polo tempo en que preste servizo o dito cemiterio) sempre e cando os titulares desta clase de sepulturas satisfagan os dereitos fixados e cumpran coas normas que para o dito efecto se establezan.

2.1. DERROGADO

2.2. Cambios de titularidade, cando proceda.

Dun nicho, por herdanza, pagará o 10 % do prezo establecido como valor destes.

Os cambios de titularidade nas distintas sepulturas, pagarán pola inscrición ou inscricións polos diferentes cambios de titularidade, un 10% do valor dos nichos no ano da transmisión, establecidos cada ano polo concello

2.3. Por cada permiso de apertura de nichos para inhumación e exhumación: 50,43 €

2.4. DERROGADO

2.5. DERROGADO

2.6. Licenzas para instalacións ou reparacións:

a) Instalacións:

Por cada permiso para colocar lápidas ou outras instalacións fixas en nichos: 28,00 €

b) Reparacións:

Por cada licenza de nicho: 15,70 €

Número de anuncio 2024/9368

2.7. Conservación:

Co fin de asegurar a máis decorosa e digna conservación dos espazos destinados a enterramentos, esixiranse os seguintes dereitos ao ano:

Por vixilancia de nichos: 16,47 €

3.-Cando as sepulturas de calquera clase e en xeral todo os lugares destinados a enterramentos fosen desatendidos polos seus respectivos familiares, titulares ou parentes, dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá proceder á demolición no primeiro caso e á retirada de cantos atributos ou obxectos se encontren deteriorados ou abandonados, e no segundo, sen que en ningún caso poida esixirse ningunha indemnización.

4.-Poderá, ademais, declarar a caducidade e reverter ao Concello a enteira dispoñibilidade dunha sepultura nos seguintes casos:

a) Polo estado ruinoso da construción: A declaración de tal estado e a caducidade requirirá un expediente administrativo a iniciativa da Alcaldía.

b) Polo abandono da sepultura, considerándose como tal o transcurso de 5 anos desde a última inhumación verificada nesta, sen que o titular, familiares ou parentes aboarán os dereitos correspondentes a esta epígrafe.

5.-O expediente administrativo de caducidade nos supostos a) e b) do número anterior conterá a citación do titular o cal teña domicilio coñecido, ou de non selo, a súa publicidade mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no correspondente ao último domicilio coñecido, sinalando un prazo de trinta días para que o titular e os seus familiares ou parentes comparezan e asinen o compromiso de satisfacer os dereitos percibidos ou de levar a cabo a reparación procedente.

A comparecencia suspenderá o expediente; transcorrido o prazo concedido para efectuar as obras sen que o cumprimento de devandito compromiso efectuarase, declararase a caducidade pola Comisión de Goberno.

6.-Declarada a caducidade de calquera clase de sepultura, o Concello poderá dispoñer desta, unha vez que trasladase os restos existentes nela á correspondente oseira."

· **Artigos 2º e 4º da Ordenanza Fiscal nº 10**, reguladora do Imposto sobre sobre bens inmobles:

"**Artigo 2º**

1. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,6655%.

2. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,75%.

3. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de características especiais queda fixado no 1,3%."

"**Artigo 4º**

1.- A bonificación establecida no artigo 73.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, será do 90 por 100, na cota íntegra do imposto aos inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmobilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel en que comecen as obras ata o posterior ao remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude da bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento do outorgamento da licenza, por parte da Administración municipal.

Para beneficiarse da citada bonificación, os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

A acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.

A acreditación de que o inmoble obxecto da bonificación non forma parte do inmobilizado, mediante certificación do administrador da Sociedade, ou fotocopia do derradeiro balance presentado ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, para os efectos do imposto sobre sociedades.

A copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.

2.- Terán dereito a unha bonificación entre o 10% e o 50% da cota íntegra do imposto, aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, de acordo cos seguintes tramos:

Número de anuncio 2024/9368

- Bonificación do 10%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten ata 3 fillos.
- Bonificación do 20%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten catro ou cinco fillos.
- Bonificación do 30%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten seis ou sete fillos.
- Bonificación do 40%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten oito ou nove fillos.
- Bonificación do 50%, para aqueles suxeitos pasivos titulares de familia numerosa, en cuxo título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto consten dez ou máis fillos.

Esta bonificación concederase a pedimento do interesado, exclusivamente para a súa vivenda habitual, entendéndose por vivenda habitual aquela na que figure empadroado e sempre que a suma dos ingresos totais das persoas que figuren no título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto, non supere a cantidade resultante de multiplicar o salario mínimo interprofesional polo número de membros obrante no mencionado título.

Teñen a consideración de ingresos a suma da parte xeral máis a parte especial da base impoñible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas; correspondentes ao exercicio anterior ao de aplicación da bonificación.

Os suxeitos pasivos que soliciten por primeira vez a bonificación, deberá facelo antes da data de devengo do deste Imposto (1 de xaneiro), xustificando o cumprimento dos requisitos mencionados mediante a achega da seguinte documentación:

- Título de familia numerosa (co fin de acreditar o número de fillos a computar).
- Certificado tributario do Imposto da Renda das Persoas Físicas (IRPF) emitido pola AEAT, correspondente ao exercicio anterior ao de aplicación da bonificación, de cada unha das persoas que figuren no título de familia numerosa ou título oficial establecido ao efecto, maiores de 18 anos.

Quedarán exentos de aportar esta documentación cando autoricen expresamente ao Concello de Oleiros para solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria a cesión de información por medios informáticos ou telemáticos do nivel de renda xeral para o recoñecemento do beneficio fiscal e a consulta á Xunta de Galicia dos datos do título de familia numerosa. Estas autorizacións manteranse vixentes en tanto non se comunique expresamente ao Concello de Oleiros a súa revogación.

Para o gozo da bonificación nos períodos impositivos seguintes ao de outorgamento da bonificación, cando non se autorice expresamente ao Concello ás consultas a que se refire o parágrafo anterior; o solicitante deberá de acreditar documentalmente que reúne os requisitos para o seu gozo antes da data de devengo do Imposto (1 de xaneiro), aportando a mesma documentación que a primeira vez que solicitou o beneficio fiscal.

O departamento tramitador do expediente consultará no padrón de habitantes do Concello o empadroamento do suxeito pasivo do Imposto.

3.- **Bonificación a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento do emprego.**

3.1.- En base ao establecido no artigo 74.2 quater do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de facendas locais, terán dereito a unha bonificación sobre a cota íntegra do imposto, os inmobles nos que se implanten actividades económicas ou empresariais que foran declaradas polo Alcalde-Presidente, segundo os criterios fixados polo Pleno, de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, nos solares vacantes dos ámbitos urbanísticos que se sinalan a continuación, sempre que coincida o suxeito pasivo do imposto e o titular da actividade e se cree emprego:

- SUNP I-33-R Industrial de Iñás.
- SUNP I-3-R (Iñás).
- SUNP A-32 e 2-A Xesta.
- Parcelas de solo urbano consolidado Ordenanza 8 do PGOM: Solo urbano industrial na intersección de Rúa das Ondas e Avenida das Mariñas (Perillo) , solares de uso industrial na Urbanización Icaria (Rúa Icaro e Vulcano) , solares na Rúa dos Álamos intersección coa Avenida das Mariñas e solares na Rúa Anade Real.
- POL-13 Bastiageiro (Terciario).
- SUND D 15 R en Romardeiro.

Número de anuncio 2024/9368

- SUNP B 14 R Pazo de Lóngora.
- E en xeral as parcelas vacantes resultado de desenvolvementos urbanísticos de uso industrial e terciario en exclusiva.

En todo caso a bonificación aplicarase respecto do inmoble no que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos iniciais, como consecuencia da implantación dunha actividade económica ou empresarial.

Polo tanto os traballadores afectados polos novos contratos de traballo deberán estar afectos á actividade das novas empresas, respecto do novo inmoble.

3.2.- Establécense os seguintes tramos de bonificación:

- Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.
- Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.
- Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%.
- Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.
- Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%.
- Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%.
- Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

3.3.- O prazo de aplicación desta bonificación será como máximo de tres períodos impositivos e aplicarase desde o período impositivo seguinte á data de autorización de inicio da actividade no local.

3.4.- Non se considera creación de emprego:

a) A contratación de traballadores que tiveran relación laboral coa empresa ou grupo de empresas que se atopen afectadas por procesos de fusión, absorción, cambio de denominación, sucesión ou circunstancias similares.

b) As contratacións derivadas de traslados ou de movementos da persoal dentro da empresa ou do grupo de empresas, sexa da mesma ou de distinta actividade económica, dentro do termo municipal de Oleiros.

3.5.- Para o goce desta bonificación, os interesados presentarán no primeiro trimestre do exercicio seguinte á data da autorización de inicio da actividade no local, un escrito dirixido ao Alcalde solicitando a aplicación da bonificación neste imposto, acompañado da seguinte documentación asinada polo representante legal da empresa:

a) Resolución de declaración de actividade económica ou empresarial de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego.

b) Declaración censal do IAE ou certificación da Axencia Estatal de Administración Tributaria que acredite a data de inicio da actividade no termo municipal, no centro de traballo obxecto de bonificación.

c) Declaración responsable no que indique a relación nominal mes a mes dos contratos indefinidos iniciais efectuados exclusivamente para o centro de traballo obxecto de bonificación realizados dende á data da autorización de inicio da actividade no local ata o mes de decembro do exercicio anterior ao que corresponde aplicar por primeira vez a bonificación no Imposto, distinguindo entre os contratos a xornada completa e os contratos a xornada parcial, indicando o número de horas de cada un deles acompañada da documentación xustificativa da mesma (informe de vida laboral do código conta de cotización....) e declaración xurada conforme os novos contratos non se corresponden cos supostos aos que se refiren os apartados a), e b) do apartado 3.4 deste artigo.

d) En caso de que a actividade se vaia a desenvolver por un arrendatario, deberá acreditar que o propietario lle repercute o imposto sobre bens inmobles.

O Concello reservarase o dereito de solicitar canta documentación sexa necesaria para a verificación da creación e mantemento de emprego que da lugar á aplicación da bonificación regulada nesta Ordenanza.

3.6. A comprobación da creación de emprego realizarase polo Departamento de Xestión Tributaria, previo informe dos Servizos Municipais de Emprego, tendo en conta a media de contratacións indefinidas iniciais realizadas desde a data de autorización de inicio da actividade ata o mes de decembro (incluído) do ano anterior ao que corresponda aplicar a bonificación no imposto.

No suposto de contratos a tempo parcial, a creación de emprego computarase de forma proporcional á xornada de traballo a tempo completo. Si do resultado do cómputo se obtén un número decimal, este redondearase ao número enteiro máis próximo.

O Alcalde-Presidente ditará resolución concedendo ou non a bonificación segundo corresponda.

Número de anuncio 2024/9368

3.7.- O goce da bonificación no segundo e terceiro exercicios queda condicionado ao mantemento das condicións que se cumpriron para o seu outorgamento.

Para realizar a comprobación do mantemento do emprego terase en conta a media dos contratos indefinidos existentes no ano natural anterior (de 1 de xaneiro a 31 de decembro).

Aportarase polo representante legal da empresa, dentro do primeiro trimestre do ano ao que se refire a bonificación, a documentación a que se refire o apartado c) do punto 3.5 anterior, correspondente ao ano natural anterior.

Non obstante, no caso de producirse variacións no número de postos de traballo, en relación aos que se tiveron en conta no momento de outorgar a bonificación o primeiro ano, procederase da seguinte maneira:

a) Si se mantén o número de postos de traballo ou o aumento ou diminución permite o mantemento no mesmo tramo, acordarase a bonificación nos termos iniciais.

b) No caso de que o incremento de postos de traballo de lugar a un cambio no tramo de bonificación, acordarase a porcentaxe que lle corresponda a ese novo tramo.

c) No caso de que a diminución de postos de traballo de lugar a un cambio no tramo da bonificación, acordarase a porcentaxe que corresponda ou a perda da mesma se é o caso.

3.8.- Esta bonificación poderá solicitarse en relación a inmobles onde se vaian a desenvolver novas actividades, instadas durante os cinco anos seguintes a contar dende a entrada en vigor da modificación deste artigo, aprobada por Pleno de data 30 de xuño do 2021.

4.- Gozarán dunha bonificación do 50% da cota, durante os cinco períodos impositivos seguintes ao de finalización da súa instalación ou da obtención do certificado de eficiencia enerxética, os inmobles de uso residencial que constitúan a residencia habitual dos suxeitos pasivos, en calquera dos seguintes supostos, sempre que se acredite a concesión da licenza municipal ou a tramitación da declaración responsable ou comunicación previa:

4.1 Cando os inmobles teñan instalados sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía proveniente do sol para autoconsumo. Para a aplicación desta bonificación será necesario:

a) Que os sistemas de aproveitamento térmico instalados dispoñan dunha superficie mínima de captación solar útil de 4 m^2 por cada 100 m^2 de superficie construída e que os sistemas de aproveitamento eléctrico dispoñan dunha potencia instalada mínima de 1 kw por cada 100 m^2 de superficie construída.

b) Que as instalacións para produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.

c) Que a instalación dos sistemas de aproveitamento de enerxía solar non sexan obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

4.2. Que o inmoble teña certificado coa máis alta cualificación de eficiencia enerxética proveniente do aproveitamento da enerxía solar. Para a aplicación desta bonificación será necesario que a certificación enerxética coa más alta cualificación non sexa obrigatoria de acordo coa normativa aplicable.

Os solicitantes da bonificación deberán acreditar o cumprimento dos requisitos mediante a presentación da seguinte documentación:

No suposto da bonificación do apartado 4.1 anterior:

- Proxecto técnico ou memoria técnica.
- Certificado de montaxe, no seu caso, e certificado de instalación dilixenciados polo organismo autorizado da Comunidade Autónoma (modelo IN407B ou similar).
- Especificacións técnicas dos sistemas instalados.
- Acreditación da concesión da licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obra e instalación dos sistemas de produción de enerxía.
- Certificado final das obras, no seu caso.
- Copia da autoliquidación/liquidación da taxa por licencia urbanística e Imposto de construción, instalacións e obras.
- Fotografía da instalación.

No suposto da bonificación do apartado 4.2 anterior:

- Acreditación da concesión de licenza de obras, comunicación previa ou declaración responsable da obras e instalación dos sistemas de produción de Enerxía.

Número de anuncio 2024/9368

- Copia da autoliquidación/liquidación da taxa por licencia urbanística e Imposto de construcións, instalacións e obras.
- Certificado de eficiencia enerxética rexistrado no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Para a concesión deste beneficio será necesario informe do Departamento de Urbanismo do Concello que acredite o cumprimento dos requisitos para o goce do mesmo. O departamento de Xestión Tributaria constatará de oficio o empadroamento do suxeito pasivo no inmoble obxecto da solicitude.
- Fotografía da instalación.

Terán efectos no padrón do imposto as solicitudes presentadas antes do un de marzo de cada ano que reúnan os requisitos esixidos para o seu goce o día un de xaneiro. Transcorrido o período de goce sinalado, non se poderá conceder de novo o beneficio por este motivo.

5.- As bonificacións reguladas nos apartados 2 e 4 deste artigo e a regulada polo artigo 74.4 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais., son compatibles entre sí e aplicaranse de forma sucesiva."

· **Artigos 3º, 7º e Anexo da Ordenanza Fiscal nº 11**, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras:

"Artigo 3º.- BASE IMPOÑIBLE, COTA TRIBUTARIA E DEVENGO

1.- A base impoñible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construcción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Non forma parte da base impoñible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construcción instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custe de execución material.

2.- A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base impoñible o tipo de gravame, que será do 3,5%.

3.- O imposto devéngase no intre de iniciarse a construcción, instalación ou obra, aínda cando non se acadara a correspondente licencia."

"Artigo 7º.- BONIFICACIÓNS.

1. Bonificacións para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, beneficiaranse dunha bonificación do 60% da cota resultante e acorde coas seguintes regras:

- Necesariamente no inmoble a que se refiren as obras de reforma, ha de residir habitualmente unha persoa discapacitada, a cal debe estar empadroada.
- Tomarase en consideración o orzamento total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra a realizar estea destinada unicamente á adaptación do edificio para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.
- No caso de que as obras estean destinadas á reforma da edificación, comprendendo no orzamento máis partidas ademais da adaptación da dita edificación para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, unicamente computarase para o cálculo da cota con dereito a bonificación, as partidas correspondentes. Para iso será necesario que o orzamento se presente desagregado na parte correspondente a obras que favorezan as ditas condicións. Xuntarán á solicitude memoria elaborada por técnico competente na que se motive e valoren as partidas correspondentes ás obras de acceso e habitabilidade de conformidade á normativa sobre accesibilidade para as que se solicita a bonificación.

A bonificación terá carácter rogado, e o prazo de solicitude será desde a presentación da solicitude da licenza de obra ata a finalización do prazo de ingreso da autoliquidación do imposto. Na solicitude deberá de identificarse á persoa discapacitada, autorizando ao Concello á consulta do Padrón Municipal de habitantes e aportarase certificado de discapacidade emitido polo órgano competente (Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ou equivalente).

2. Bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras que foran declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego.

2.1.- En base ao establecido no apartado a) do artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese que terá dereito a unha bonificación de ata o 95 por cen na cota do imposto a realización de construcións, instalacións ou obras realizadas para a implantación

Número de anuncio 2024/9368

dunha nova actividade económica ou empresarial, cando esta fora declarada polo Alcalde segundo os criterios fixados polo Pleno, de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, sempre que coincidan as figuras de suxeito pasivo do imposto e o titular que promova o fomento de emprego e se implanten en solares vacantes dos ámbitos urbanísticos que se sinalan a continuación:

- SUNP I-33-R Industrial de Iñás.
- SUNP I-3-R (Iñás).
- SUNP A-32 e 2-A Xesta.
- Parcelas de solo urbano consolidado Ordenanza 8 do PGOM: Solo urbano industrial na intersección de Rúa das Ondas e Avenida das Mariñas (Perillo) , solares de uso industrial na Urbanización Icaria (Rúa Icaro e Vulcano) , solares na Rúa dos Álamos intersección coa Avenida das Mariñas e solares na Rúa Anade Real.
- POL-13 Bastiagueiro (Terciario).
- SUND D 15 R en Romardeiro.
- SUNP B 14 R Pazo de Lóngora.
- E en xeral as parcelas vacantes resultado de desenvolvementos urbanísticos de uso industrial e terciario en exclusiva.

En todo caso a bonificación aplicarase unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial na que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos.

Polo tanto, os traballadores afectados polos novos contratos de traballo deberán estar afectos á actividade das novas empresas, respecto do novo local durante tres anos (36 meses) a contar desde a data de autorización de inicio da actividade.

2.2.- Establécense os seguintes tramos de bonificación:

- Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.
- Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.
- Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%.
- Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.
- Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%.
- Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%.
- Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

2.3.- Non se considera creación de emprego:

